

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 22 de novembro de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de outubro de 2023.
- * Aprobación da Oferta de Emprego Público para PTXAS da Universidade de Vigo para o ano 2023.
- * Aprobación da Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2023.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación da corrección da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Cintex.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de prácticas académicas externas do estudantado.
- * Aprobación do convenios tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas por parte do estudantado.
- * Aprobación do convenio tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas do estudantado de todos os mestrados do SUG.
- * Aprobación da modificación da Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.
- * Elección dun representante na Comisión Xeral de Prácticas Académicas Externas:
 - Sector estudantes: Miguel Fernández Simoes.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.